

**ACTIVIDADES SOBRE A OBRA “SEN TITULO (BAILE)”
(1987)**



AUTOR: KEITH HARING

- 1) DESCUBRIR A OBRA POR MEDIO DE CUESTIÓNS
 - QUE VES?
 - QUE ESTÁN FACENDO?
 - QUE CORES HAI NO CADRO?
 - POR QUE ESTRÁN BAILANDO?
 - COMO PENSAS QUE SE SINTEN?
 - QUE SENTES TI AO VER O CADRO?
 - COMO PENSAS QUE SE TITULA?

- QUE MELODÍA PODERÍAN ESTAR BAILANDO? (Esta pregunta da pé á seguinte actividade).


2) XOGO DE PSICOMOTRICIDADE: “A IMITAR AOS MONIGOTES!”

Temos que ter preparadas tarxetas das mesmas cores que as siluetas, feitas con cartolinas, folios de cor, coloreadas, etc, como queirades: vermella, azul, verde, rosa e laranxa.

Propoñémoslles que nos digan algunha canción bailable que lles guste moito e que imaxinen que poden estar bailando estes personaxes. Será a elegida para o xogo.

Comezan bailando libremente ao ritmo da música pero moi atentos a cando se levante a tarxeta. No momento en que cambie a orde de cor, deberán poñer brazos e pernas exactamente como indica o monigote desa cor e manterse bailando así ata o seguinte cambio. Podemos ir aumentando a velocidade dos cambios para collelos desprevenidos/as e facelo máis divertido.


3 ANOS: Quizais se lles facilite o xogo se lles damos en cada cor a postura da silueta correspondente porque xa lles custará bastante imitar as posturas (buscar ademáis o código de cor pode serlles moi difícil). Todo en función de como responda cada neno/a (adxuntas ao final para imprimiré colorear).




3) PUZZLE PARA COLOREAR E RECORTAR (tedes o debuxo en branco e negro ao final)

Podemos imprimir a obra en branco e negro ou copiar as siluetas nun folio en branco. Unha vez coloreado o cadro libremente co material que queiran (rotus, ceras brandas ou duras, témperas, etc) convertímolo en puzzle con varias opcións:

- Para **3 anos**, por exemplo: cortar só as siluetas para que as monten no seu lugar correspondente.
- Facer liñas perpendiculare e que corten o debuxo en 4 partes ou 6 ou 8, etc.



- Facer liñas aleatorias para complicar o puzzle (**5 anos**)



4) LECTOESCRITURA : CREAMOS UNHA VIÑETA DE CÓMIC

Imonos adentrar un pouquiño máis no cadro e imaxinar no que estará pensando ese grupiño de amigos bailongos,... de que estarán a falar?

Facemos hipóteses sobre a conversa que poden estar mantendo mentres se divirten bailando.

Os nenos/as deberán ir anotando as frases que lle atribúan a cada personaxe. O ideal é que o fagan libremente nun folio en branco e logo, para completar a viñeta, podan copiar o seu texto (revisalo primeiro por se queren cambiar, correxir ou engadir algo) e intentar adaptar o tamaño da letra aos bocadillos. Logo, na imaxe que se

adxunta ou ben nunha versión propia do cadro, escribirán os seus diálogos.


En 3 anos, o espacio do bocadillo resúltalles moi pequeno, polo que poderán escribir en folio e logo transcribir o adulto nese globiño o texto que inventaron.

De aquí pode xurdir unha historieta para os nenos e nenas que queiran animarse a continuala.

5) SILUETAS EN PAPEL DE ALUMINIO

Animádevos a manipular un material diferente, pode dar moito de si.

Podemos comezar amosando simplemente o monigote debuxado cunha postura:



Cortamoslles un anaco de papel de aluminio e farán unha boliña para a cabeza. Con outros anacos os braciños. Con outro, un churriño para o tronco e imos forrandolles con algo de papel de aluminio as partes para unilas (se precisan axuda). Unha vez ben unidas poden darlles a forma que queiran porque se aguantarán. Tamén poden pintalas con témpera para crear unha nova versión da obra en 3D e poñelas de pé nunha base de plastilina ou pegalas nunha cartolina.



MATERIAL IMPRIMIBLE/PARA CALCAR/COPIAR QUE SE ADXUNTA:

Sempre tedes a opción de debuxar os monigotes con liñas rectas nun folio se non podedes imprimir, calcar ou copiar os debuxos.

-Obra en cor tamaño A4 para facilitar a observación

-Tarxetas coas siluetas debuxadas

-Obra en branco e negro tamaño A4 para copiar, calcar ou imprimir e facer logo o puzzle unha vez coloreado.

-Cadro en forma de viñeta con bocadillos ou globos de diálogo.



TARXETAS XOGO PSICOMOTRICIDADE (PARA FACILITAR O XOGO SE LLES CUSTA IDENTIFICAR AS POSTURAS SÓ COAS CORES: PÓDENAS COLOREAR ELES DA COR CORRESPONDENTE).

